

## DEPORTES DE RAQUETA

---

### TENIS

#### HISTORIA

A orixen dos xogos de pelota, entre os que se atopa o tenis, remóntase ás culturas grega, romana e exipcia. A súa orixe remóntase a ceremonias relixiosas en honor da fertilidade na primeveira e a celebracións militares. Nestas celebracións, ó principio xogábase coas cabezas dos vencidos; máis tarde o xogo perfeccionouse e en vez de cabezas comenzaron a utilizar pelotas.

No século XI os monxes xogaban nos claustros dos mosteiros a algo parecido ó tenis, ó pádel e a pelota. En pouco tempo pasábase dos claustros ós palacios. Anos máis tarde incluso Shakespeare incorporou o tenis a algunha das súas obras.

Enrique VII (1491-1547) foi un xogador de “real tennis”, unha especie de tenis indoor con paredes. En Francia, chamábase “Jeu de Paume”. No século XVI o Jeu de Paume causa furor en Francia. Encontramos profesións como mestres do tenis, aprendices, manufactureiros e apostas entorno ó xogo. No século XVIII préfirense outras actividades e a finais do século (1879) ten lugar a Revolución Industrial. O Jeu de Paume e o Real Tennis languidecen.

Naqueles anos en Europa predomina o sistema sexagesimal. O número 60 equivale ó 100 de agora; por eso ó dividir 60 entre os catro puntos que hai que gañar para facer un xogo sae a actual forma de contar de 15, 30, 45 (da cuadraginta quinque desaparecería o quinque por comodidade) e xogo.

En 1839 conséguese vulcanizar a goma o que supuxo un gran avance nas pelotas de tenis. Pouco despois a máquina cortacespede mellórase considerablemente. Estes dous avances fan que se empece a xogar ó tenis ó aire libre sobre herba (lawn). O Mayor Wingfield patenta o xogo do tenis parece ser que o Mayor Harry Gem e o español Juan Batista Augusto, que deixou España para facer fortuna en Inglaterra, “inventaron” realmente o tenis moderno en 1859.

En 1877 dispútase o primeiro Wimbledon con certa confusión nas regras. Nos anos posteriores unífanse as regras e podemos dicir que é o comenzo do tenis moderno. Pouco a pouco o xogo trasládase a Europa, Estados Unidos e Australia.

#### TERREO DE XOGO

O tenis xógase nunha pista rectangular de 23,77 m X 8,23 m para individuais. Para dobres, as medidas son de 23,77 m X 10,97 m. Unha rede divide o campo en dúas metades. A altura da rede é de 1,06 m. De cada lado da rede hai dous rectángulos, que só sirven para determinar se un saque é válido.

O xogo de tenis comenza co saque dun dos xogadores de tal forma que debe golpear a pelota e rebotar no cadrado oposto do lado que saca. Para cada punto o xogador que saca ten dúas oportunidades.

#### SUPERFICIES DE XOGO:

- Césped: a máis rápida de todas. O Grand Slam por excelencia é Wimbledon.
- Arcilla (po de ladrillo, terra batida): a máis lenta de todas. Os xogadores máis sobresaintes nesta superficie son españois e arxentinos sendo Roland Garros o Grand Slam nesta superficie. O xogador máis destacado é Rafael Nadal, así como Björn Borg.
- Dura: son moi coñecidos o Aberto de Estados Unidos e Australia.
- Sintética de interiores ou moqueta: son gomas indoor, e poden ser semi-rápidas, rápidas e moi rápidas.

#### PUNTUACIÓN

Un partido de tenis está composto por sets: o primeiro en gañar un número determinado de sets é o gañador. Cada set está integrado por xogos. An cada xogo hai un xogador que saca, o cal vaise alternando. A súa vez, os xogos están compostos de puntos.

O primeiro en gañar 4 puntos cunha diferenza mínima de 2 puntos con respecto ó seu rival é o gañador do xogo. Se non se consegue esa ventaxa de dous puntos, continúaase xogando ata que un dispoña desa ventaxa para gañar o xogo. A forma de levar o tanteo é 15 para o primeiro punto, 30 para o segundo, 40 para o terceiro e xogo para o cuarto. En caso de empate a 40, dixe "iguais" ou "deuce". O primeiro en conseguir un punto ten "ventaxa" e se conseguise outro punto tería o xogo. Se gaña o contrario estaríase en "iguais" de novo.

Gáñase un set cando se chega a 6 xogos, cunha diferenza de dous. En caso de acabar 6-5, normalmente xógase un xogo máis, podendo rematar 7-5 ou en empate a 6. Neste último caso, xógase un "tie-break" ou "morte súbita" no que o resultado do set xógase mediante puntos (0-0, 1-0, 2-0,..) ata que alguén consegue chegar a 7 puntos, con diferenza de dous. Si se chega a 7 puntos sen diferenza de dous (por exemplo, 7-6), haberá que esperar a que un dos xogadores obteña dous puntos de diferenza para conseguir a victoria no "tie-break" e no set.

#### GOLPEOS

- Golpe de dereita ou drive.
- Golpe de revés.
- Golpe por riba da cabeza.
- Golpe por debaixo da cintura.

Podes consultar máis información neste enlace <http://www.rfet.es/>

Clubes próximos a Redondela:

<http://tenisypadelsoutomaior.blogspot.com/>, Soutomaior.

<http://www.circulomercantilvigo.com/>, Vigo.

[http://www.rcnauticovigo.com](http://www.rcnauticovigo.com/), Vigo.

## **TENIS PLAYA**

16 X 8 dobres, 16 X 6 individuais. O campo estará dividido por unha rede colocada a 1,7 m de altura. Xógase cunha pelota de baixa presión punto verde. As raquetas terán unas dimensións máximas de 50 cm de longo e 36 cm de ancho.

Unha parella é sacadora e a outra restadora. A persoa da parella sacadora que efectúa o saque pode colocarse en calquer lugar da liña do fondo dentro dos límites do campo. O seu compañeiro pode colocarse en calquer punto do campo, aínda que eso provoque unha perda visual na parella restadora. O saque efectúase lanzando a pelota ó aire e golpeándoa antes de que toque o chan.

Antes de empezar a xogar decidírase o orden en que efectúan os saques, facendoo un xogador nos xogos pares e o outro nos xogos impares. Cambiarase de lado ó final dos xogos 1, 3 e nos seguintes impares. Ó final de cada set cambiarase de lado, excepto cado ó rematar ese set sumen un número par de xogos, realizándose o cambio no primeiro xogo do set seguinte.

Un xogador suma un punto se a pelota que envía toca o chan do equipo contrario ou a parella restadora devolve a pelota pero non entra no campo contrario.

Puntuación final: cando se gaña un punto cóntase un tanteo de 15 para esa parella, despois 30, 40 e finalmente xogo. En tenis playa hai dúas formas de gañar un xogo:

- Estándar: gañando por dous puntos de diferenza. Se chegan empates a 40, o que gañe un punto consegue ventaxa e necesita outro punto. Así ata que unha parella consiga dous de ventaxa.
- Alternativo: para gañar o set só é preciso un punto de diferenza. En caso de empate a 40 o que consiga o punto gaña o xogo.

Xógase a 6 xogos para gañar un set, tendo que xogar o tie-break en caso de empate a 6 xogos. No tie-break puntúase desde o 0-0 ata 7 puntos, gañando o set o que primeiro chegue ata 7 cunha diferenza de dous.

O partido xógase a tres ou a cinco sets.

## **TENIS DE MESA**

Os principios do tenis de mesa non están nada claros. Pode decirse que este deporte empezou a xogarse en 1870 como unha derivación do tenis. É posible que os xogadores de tenis ante a adversa climatoloxía inventaran unha especie de tenis en miniatura utilizando unha mesa de billar ou de comedor, nun Club de Tenis, dividíndoa en dous campos con libros ou cunha corda. Os estudantes universitarios adoptaron este xogo de salón en toda Inglaterra.

Tamén se coñece como ping-pong polo ruido que facía a pelota ó impactar coas raquetas e o sonido pong ó contacto da pelota coa mesa.

En 1901 empézanse a xogar campionatos por toda Inglaterra. En 1922 é coñecido en moitos países de Europa.

CAMPO DE XOGO

As medidas da mesa son 2,74 X 1,52 m. De altura ten 0,76 m e a altura de rede é de 15,25 cm. A pelota será esférica de tres cores, branco, amarelo ou laranxa. As pelotas clasifícanse por estrelas, de unha a catro. Cantas máis estrelas ten, maior é a súa calidade.

A raqueta pode ser de calquer tamaño, forma e peso. Debe estar recuberta con gomas de diferente cor por cada lado. Existen dúas maneiras de coller a raqueta:

- Tipo europeo: permite utilizar as dúas caras da raqueta, dando lugar a golpes de dereita e de revés.
- Tipo asiático, con variacións dentro desta modalidade. Un exemplo é a Xaponesa, onde só se utilizan golpes de dereita coa parte dianteira da pa.

## PUNTUACIÓN

Os partidos poden ser individuais ou de dobres. Cada xogador ou parella sacará dúas veces, pasando a continuación o saque ó xogador ou parella contraria. Está prohibido tocar a mesa con calquer parte do corpo. En partidos de dobres o saque faise cruzado.

Os partidos son disputados a 3, 5 ou 7 sets. O xogo ou set acaba cando un dos dous xogadores cheguea 11 puntos con diferenza de dous. En caso de empate a 10, seguirase xogando facendo un saque por turno ata que alguen gañe por dous de diferenza.

O servizo é libre. Hai que sacar sostendo a pelota completamente inmóvil sobre a palma da man (non sobre os dedos) e golpeala por detrás e por riba do nivel da superficie de xogo. A pelota debe botar unha vez no campo do que sirve e unha vez no campo do que recibe.

Podes consultar a páxina da federación para poñerte ó día <http://www.rfetm.com/>

## OUTROS MATERIAIS:

PA MAN, feitas polos alumnos.

## OUTROS DEPORTES DE RAQUETA

BÁDMINTON <http://www.badminton.es/>

PÁDEL <http://www.padelfederacion.es/Paginas/Inicio/Index.aspx>

SQUASH <http://www.realfederaciondesquash.com/>